

jueves 29 de octubre de 2015
BOPPO núm. 209
[Ir a sumario BOPPO](#)
[Traducción automática al idioma castellano](#)
[Versión oficial firmada electrónicamente](#)

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

BUEU

Contratos administrativos

LICITACIÓN SERVIZO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA, E RECADATORIA E NA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

Datos xerais e datos para obtención de información.

a) Organismo: Concello de Bueu.

b) Órgano de Contratación: Xunta de goberno local

c) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación do Departamento de Secretaría.

d) Dirección: R. Eduardo Vincenti, núm. 8. Bueu (Casa consistorial/segundo andar)

e) Procedemento para resolución dúbidas dos pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT): O sinalado na cláusula VI dos PCAP

f) Obtención de documentación e información:

— Teléfono: 986390029

— Fax: 986322099

— Correo electrónico: contratacion@concellodebueu.org secretaria@concellodebueu.org

— Dirección do perfil de contratante: www.concellodebueu.org

2. OBXETO DO CONTRATO

a) Tipo: Administrativo de servizos

b) Obxecto: Colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria e na xestión dos expedientes sancionadores en materia de tráfico.

c) CPV 75000000-6/CNAE 84-11/Categoría (anexo II TRLCSP) 27

3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto

c) Criterios de valoración: Pluralidade de criterios. Cláusula XI.1 dos PCAP.

d) TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: o inicio do servizo non poderá ser anterior ao 30.05.2016 (cláusula II, III.5 e XVII.1 dos PCAP)

4. IMPORTE E DURACIÓN DO CONTRATO

a) Valor estimado do contrato: As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables:

	SIN IVE	IVE (21%)	CON IVE
01 ANO	127.088,45 €	26.688,57 €	153.777,02 €
02 ANOS (DUR. CONT.)	254.176,90 €	53.377,15 €	307.554,05 €
04 ANOS (DUR. CONT.+PRÓRROGAS)	508.353,80 €	106.754,30 €	615.108,10 €

b) Revisión: O contrato non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

c) Duración: O prazo contractual se establece en dous (2) anos estando previsto o seu inicio na data que se consigne no documento de formalización do contrato.

d) Prórrogas: A duración total das prórrogas no seu conxunto, no poderá ser superior ao período inicialmente contratado.

5. GARANTÍAS E FIANZAS

a) Garantía provisional: Exento

b) Fianza: 5% do prezo de adxudicación

6. REQUISITO MÍNIMO DE SOLVENCIA

CERTIFICADO DE CLASIFICACION ADMINISTRATIVA: Será requisito indispensable para a celebración do contrato que o empresario teña obtido previamente a seguinte clasificación: Grupo L, Subgrupo 2, Categoría A, consonte o sinalado na cláusula IX dos PCAP.

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

a) Prazo: Durante os 15 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio de licitación no BOP

b) Lugar de presentación:

- Dependencia: Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial
- Horario: oito a catorce horas, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados.
- Domicilio: R. Eduardo Vincenti, núm. 8. Bueu (Casa consistorial/primeiro andar)

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A sinalada na cláusula X.2 dos PCAP.

9. APERTURA E VALORACION DAS OFERTAS

A mesa de contratación constituirase ás 10 horas do quinto día hábil seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de ofertas (non sábado). Unha vez verificadas as declaracións responsables presentadas procederase á apertura pública do sobre A e se remitirá a devandita documentación ao servizo correspondente para que emita informe técnico. Unha vez efectuada a valoración dos criterios contidos no sobre A, darase a coñecer o acto público de apertura do sobre B, con alomenos 48 horas de antelación. (cláusula XI.3 dos PCAP)

10. GASTOS DO ANUNCIO

A cargo do adxudicatario (cláusula XI.4 dos PCAP)

Bueu, a 20 de outubro de 2015.—O alcalde, Félix Juncal Novas.

[subir](#)

NOTA INFORMATIVA: El contenido de la versión HTML de este anuncio tiene carácter meramente informativo y está disponible en esta página para comodidad del ciudadano. El anuncio con validez legal es la versión PDF firmada electrónicamente.

[Descargar anuncio en pdf](#)



Copyright © 2015. Deputación de Pontevedra. Reservados todos los derechos | Aviso legal

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n - 36071 Pontevedra ES | +34 986 804 100 +34 986 804 124

